



Rafael Alonso Martínez



PRESIDENTE COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

DESTACABLE

Rafael Alonso é un dos mellores xuristas en materia deportiva dentro do panorama nacional e posúe unha ampla experiencia dentro sector deportivo e concretamente no federativo.

Contacto



986 41 06 18



cte.competicion@fgbalonman.com

Experiencia relacionada co sector

Asesor habitual de deportistas, axentes, clubs deportivos e federacións, exerceu coma membro de Xuntas Electorais e Comités Disciplinarios federativos –a nivel autonómico, estatal e internacional– e como Xuíz Único de Competicións non Profesionais da Real Federación Española de Fútbol.

É membro da Comisión de Mediación e Arbitraje Deportivo do Comité Olímpico Español, así como da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, órgano administrativo colexiado. No ámbito do deporte profesional desempeñou tarefas de asesoramento xurídico para entidades como o CD Lugo SAD (fútbol) e o CD Basket Bilbao Berri SAD (baloncesto).

Dirixe a revista dixital "Dereito deportivo en liña" (dd-el.com) e participa habitualmente como poñente ou relator en numerosos eventos xurídico-deportivos, sendo autor de varios artigos en revistas especializadas.

Foi membro da Xunta Directiva da Asociación Española de Dereito Deportivo no período 2009-2013, baixo a presidencia do Dr. Gabriel Real Ferrer.

Foi profesor no Curso Superior de Dereito do Fútbol organizado pola Fundación da Real Federación Española de Fútbol, no Máster Internacional en Dereito e Xestión Deportiva ISDE-IUSPORT, nos Másteres en Comunicación Deportiva da Universidade da Coruña, Aveni e P-Estudio, e no Máster en Asesoría Xurídica de Empresa de IFFE Business School, así como noutros moitos cursos de capacitación de técnicos deportivos de varias modalidades.